

OUTONO BARCELONISTA

CONTIDO:

Calendario de actividades

Socio, ¡participa!

Camiseta histórica

Cotas ó cobro + Lotería

Recuncho de Patarego

Calendario de actividades:

Logo do torneo de fútbol 7, da churrascada e da Copa de Campións de Liga, decidíronse as actividades a desenrolar nesta temporada 2.010-2.011.

Empezamos polo máis importante, que son as viaxes para ver en directo ó Barça. O primeiro desprazamento que se organizará este ano, e co que a xente parece estar ilusionada, será o de Pamplona, a vella Iruña. Alí iremos a fin de semana do 4-5-6 de decembro para tentar dobregar ó Osasuna de Camacho. Tede en conta que o día 6, luns, é festivo por se-lo día da Constitución.

Xa en xaneiro, o día do cumpreanos de Patarego, 9 de xaneiro, acercámonos á Coruña, para animar ó Barça en Riazor, tentando conseguir un resultado coma o do ano pasado.

Un mes mais adiante, o 13 de febreiro, tocaralle á terra da sidrina, e desprazámonos ata Xixón para ver no estadio do Molinón ó noso equipo.

Destas viaxes teredes información uns días antes de celebrarse.

O sábado 18 de decembro será a cena de Nadal, estando o restaurante por decidir. Acéptanse suxerencias.

Xa ó remate da temporada, faremos a cena final, na que esperamos celebrar moitos títulos.

Faremos convocatorias especiais para ver por tv os partidos máis importantes, e o resto do ano irémonos xuntando no Restaurante Oliñas do Mar e no Ancla (Ribadeo) para ve-lo resto de partidos.

De todas estas actividades irase dando conta a medida que se vaian acercando.

Socio, ¡participa!:

Queremos decir dende a directiva da peña, que sin a participación dos socios, estas actividades non teñen sentido, por iso é moi importante que a xente acuda e se involucre en todo o que significa a peña.

Por outro lado, queremos que cada un nos dé suxerencias e nos diga qué actividades lle gustaría levar a cabo. Calquer iniciativa é boa, e aínda que vos pareza unha tontería, seguro que entre todos facemos un gran momento de barcelonismo. Estas ideas non teñen porqué ser só deportivas, poden ser culturais, de ocio, actividades para recaudar fondos para a peña ... todas as

ideas serán tidas en conta e tentarase levalas a cabo.

Entre todos temos que fomenta-lo barcelonismo na zona e seguir sendo a peña barcelonista máis activa de Galicia.

Camiseta histórica:



Para celebra-la 13ª temporada da peña (xa nos imos facendo homes) imos editar unha réplica da camiseta dos anos 1920, aquela que vestían José Samitier ou Paulino Alcántara entre outros.

Trátase dunha camiseta en algodón, con franxas azuis e granates, manga longa e cordóns no cuello. Nela poñeremos o escudo da nosa peña logo de pasar pola máquina do tempo do noso socio David Rivas. Na parte traseira poñerémolle un número, a elección de cada socio. O prezo será de 40,00 € cada unha e hai un prazo de entrega de 40-50 días logo de face-lo encargo (xa que se trata de unha edición exclusiva para nós). Para encargala camiseta debedes indicarnos a talla

e o número que queredes, ademais de pagar por adiantado xa que nosoutros tamén o temos que facer así. O prazo par solicita-la camiseta remata o día 26 de setembro. Fora deste prazo non se farán máis reservas.

NON SE ENCARGARÁ NINGUNHA CAMISETA QUE NON SEXA PAGADA PREVIAMENTE.

As tallas según indica a fábrica son:

S: 65 alto—51 ancho / M: 67—53 / L: 70—56 / XL: 73—58 / XXL: 75—59. Son tallas amplas.

Sería fermoso vernos a todos con esta camiseta celebrando os goles e títulos do Barça. Animádevos.

Cotas e lotería:

Por último lembrar que sigue aberto o prazo para o pago das cotas de socio. Os que teñen domiciliado o pago xa se pasou recibo, pero aínda quedan socios pendentes de face-lo ingreso. As contas da peña, son:

Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289

Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431

La Caixa: 2100 4949 63 2200015422

Aquí tamén podedes paga-las camisetas.

Lembrede que mentres non se esté ó corrente nos pagos non se teñen os plenos dereitos de socio, nin se entregará o novo carnet.

A cota de socio para esta temporada é de 36,00 € por socio.

Comentar tamén que temos a lotería de Nadal á venda. Solicitamos a colaboración de todos, así que podedes pedir o voso talonario. Colaborando todos será máis fácil e redundará en beneficio de todos. Xa sabedes que a lotería é tan importante como as cotas de socio.